

CRITERIOS PARA REALIZAR OS AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO

Setembro 2019

1. PUNTO DE PARTIDA

No noso centro as mesturas de alumnado realízanse para confeccionar os grupos de 4º EI, 1º, 3º e 5º EP, e 1º ESO.

En 3º e 4º de ESO, así coma en Bacharelato, os grupos están condicionados polas materias optativas que cada quen elixe.

As mesturas fanse principalmente, con criterios pedagóxicos, xa que consideramos que aportan beneficios de diferente tipo.

A partir do curso 2019-2020, coa introdución nas aulas dos dispositivos chromebook, esta mestura pode verse afectada en función da adhesión das familias ou non ao mesmo.

Somos conscientes do momento de incerteza que poidan provocar estes cambios en pais e alumnos, pero co tempo a valoración da práctica é positiva, tanto dende o profesorado como dende o alumnado.

2. FUNDAMENTACIÓN

A reorganización do alumnado proporciona unha serie de vantaxes de diferente índole que melloran, con carácter xeral, o proceso de aprendizaxe e a convivencia no centro. A continuación detallamos algúns dos seus puntos positivos.

- *A riqueza de novos agrupamentos.*

Vivimos nunha sociedade que cambia a un ritmo moi acelerado. Temos que adaptarnos a realidades sociais cada vez máis diferentes. Educar na acollida e na integración supón educar nos beneficios que aporta coñecer a xente diferente, a compañeiros que ao longo de anos simplemente saudamos en contadas ocasións ou, quizais, non chegamos a coñecer.

- *Superar estereotipos.*

A convivencia nas aulas pode ser motivo para que nazan ou se perpetúen determinados estereotipos, roles ou condutas negativas, ben individuais ou de grupo. As mesturas son unha oportunidade para a superación destas situacións, xerando novos contextos de convivencia. Este beneficio repercute tanto no ámbito da conduta como no académico.

- *Retomar relacións.*

A través das diferentes mesturas que se dan nas distintas etapas, conseguírase o reencontro de alumnos/as que puideron compartir clase noutro momento, abrindo así a posibilidade a que se retomen relacións na aula ou se superen antigos conflitos que puideran existir.

- *Aplicar o Plan de Convivencia.*

A diversidade dun grupo e a necesidade de saber vivir en diferentes contextos son un elemento práctico clave para facer realidade os obxectivos e as accións que cada ano se propoñen dende o Plan de Convivencia do centro.

Por todas estas consideracións, así como outras que se poderían derivar, consideramos que a reorganización en determinados pasos de nivel/etapa aportan máis beneficios educativos significativos que inconvenientes.

3. RESPONSABLES E PROCEMENTO

Nas etapas de EI-EP:

- Esta proposta a fan os titores do alumnado saínte.
- A proposta é supervisada por Xefatura de Estudos e Dirección antes de ser definitiva.

Nas etapas de ESO-Bac:

- Para 1º de ESO os titores de 6º EP propoñen os novos grupos, sen ter en conta máis condicionantes que os observados en Primaria, deixando as consideracións de alumnado repetidor e de nova incorporación para máis adiante.
- Para 2º de ESO ordinariamente permanecen os grupos de 1º, agás que en casos particulares se considere que por criterios pedagóxicos haxa que introducir algún cambio.
- Para 3º e 4º de ESO, así como Bacharelato, terase en conta a optatividade de materias.

4. CRITERIOS

Existen criterios comúns a todas as etapas, se ben algúns deles son específicos dependendo das necesidades de cada unha. Atendendo ás informacións dos titores e dos equipos docentes, os criterios para o agrupamento do alumnado para as diferentes etapas son os seguintes:

Na etapa de EI:

1. En 4º EI (inicio da escolarización) os titores/as e o equipo de orientación observarán os grupos durante o período de adaptación de setembro.
2. Pasado o período de adaptación faranse os grupos definitivos que comezarán a partir do 1 de outubro. Os criterios a valorar son os seguintes: reparto equitativo nenos-nenas, mantemento de irmáns (se así o deciden os pais), e reparto equitativo de alumnos con necesidades educativas específicas.
3. Os grupos permanecerán durante toda a etapa de Infantil.

Na etapa de EP:

1. Buscar un equilibrio nas aulas, no posible, tendo en conta os seguintes aspectos:
 - Paridade de nenos-nenas en cada aula.
 - Alumnado que presente problemas de conduta.
 - Alumnado con necesidades educativas específicas.
 - Alumnado repetidor.
 - Capacidades e rendemento.
 - Alumnado que se incorpore novo nese curso procedente doutros centros.
 - Reparto equitativo de cada grupo saínte entre as tres aulas resultantes, no posible.

2. En caso de haber dous irmáns no mesmo curso, promoverase a colocación en aulas diferentes (se procede).
3. Nos cursos que utilicen chromebooks darase prioridade á creación de aulas completas con dispositivo.

Nas etapas de ESO-Bac:

1. Nos cursos que utilicen chromebooks darase prioridade á creación de aulas completas con dispositivo.
2. Buscar un equilibrio nas aulas, no posible, tendo en conta os seguintes aspectos:
 - Capacidades, rendemento, actitudes, condutas, traballo, etc.
 - Paridade de rapaces e rapazas.
 - Distribución do alumnado que presente problemas de conduta. Ter en conta posibles casos de problemas graves contra a convivencia que se deran previamente e que aconsellen a non coincidencia nunha mesma clase dos alumnos/as implicados.
 - Alumnado con necesidades educativas específicas.
 - Alumnado repetidor. Sempre que sexa posible, os alumnos repetidores cambiarán de titor/a (se procede).
 - Alumnado procedente doutros centros.
3. Ter en conta as materias propias e optativas a partires de 3º da ESO.
4. En caso de haber dous irmáns no mesmo curso, promoverase a colocación en aulas diferentes (se procede).

5. CURSOS DE APLICACIÓN

- Matrícula en 4º EI.
- Paso de 6º EI a 1º EP.
- Paso de 2º EP a 3º EP.
- Paso de 4º EP a 5º EP.
- Paso de 6º EP a 1º ESO.
- Paso de 2º ESO a 3º ESO.
- Paso de 3º ESO a 4º ESO.
- Paso de 4º ESO a 1º Bacharelato.

A Dirección